

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Febreiro 2023


Santiago de Compostela, 5 de abril de 2023

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en febreiro de 2023 un incremento do 1,5% con respecto a febreiro de 2022; en España decreceu un 0,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 2,5%, os bens de equipo subiron un 7,2% e os bens intermedios retrocederon un 14,8%. Pola súa parte a enerxía avanzou un 28,9%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á "producción de enerxía eléctrica", que achega 4,3 puntos, e a "fabricación de vehículos de motor", que suma 2,9 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas (-7,9 puntos) de dezaseis ramas, as principais foron: a "industria da madeira e da cortiza", que resta 2,0 puntos, e a "metalurxia", cunha repercusión de -1,2 puntos na taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2023

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	101,7	1,5	4,2
Bens de consumo	122,0	-2,5	-1,6
Bens de equipo	99,2	7,2	5,9
Bens intermedios	103,0	-14,8	-15,4
Enerxía	85,1	28,9	40,7

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en febreiro de 2023 un incremento do 1,5% con respecto a febreiro de 2022; en España decreceu un 0,8%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 2,5%, e minoran 0,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 7,2%, o que suma 1,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 14,8%, cunha repercusión de -4,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que avanza un 28,9% e suma 5,0 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2023, por destino económico, os bens de consumo empeoran 1,8 puntos, os bens de equipo melloran 2,4 puntos, os bens intermedios melloran 1,3 puntos e a enerxía empeora 21,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o crecemento interanual en febreiro do 1,5% débese principalmente á achega positiva (9,4 puntos) de dez ramas; as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica", que achega 4,3 puntos, e a "fabricación de vehículos de motor" que suma 2,9 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-7,9 puntos) de dezaseis ramas, as principais foron: a "industria da madeira e da cortiza", que resta 2,0 puntos, e a "metalurxia", cunha repercusión de -1,2 puntos na taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de febreiro moveuse entre o -13,3% de Murcia e o 9,0% de Canarias. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Madrid (6,4%), Extremadura (6,3%), Balears (Illes) (5,1%), Castilla y León (3,0%), Castilla - La Mancha (2,9%) e Galicia (1,5%).


IPI Febreiro 2023

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	101,7	1,5	4,2	--	--
Bens de consumo	122,0	-2,5	-1,6	-0,7	-0,5
Bens de equipo	99,2	7,2	5,9	1,7	1,5
Bens intermedios	103,0	-14,8	-15,4	-4,5	-4,5
Enerxía	85,1	28,9	40,7	5,0	7,7
España					
Xeral	103,4	-0,8	0,3	--	--
Bens de consumo	102,3	-1,0	2,1	-0,2	0,5
Bens de equipo	112,6	5,5	6,5	1,3	1,4
Bens intermedios	105,5	-5,9	-4,2	-1,9	-1,3
Enerxía	92,6	0,6	-1,6	0,1	-0,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	1,5		4,2		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	34,1	4,3	48,8	6,9	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	24,9	2,9	12,7	1,6	13,1
Outras industrias extractivas	83,1	0,7	-5,9	-0,1	1,1
Fabricación de mobles	15,3	0,3	23,2	0,4	1,1
Fabricación de bebidas	4,9	0,2	11,2	0,4	3,5
Industria da alimentación	0,6	0,1	-2,3	-0,3	13,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2,2	0,1	0,3	0,0	2,5
Industria téxtil	1,5	0,0	-0,8	0,0	0,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-2,1	-0,1	-4,0	-0,1	2,6
Industria do papel	-3,9	-0,1	3,4	0,1	2,2
Industria química	-8,9	-0,2	-12,8	-0,2	1,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-6,4	-0,2	0,7	0,0	4,1
Outras industrias manufactureiras	-23,5	-0,2	-13,3	-0,1	0,5
Fabricación doutro material de transporte	-17,7	-0,2	3,2	0,0	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-34,7	-0,5	-8,7	-0,1	1,4
Confección de roupa de vestir	-7,9	-0,6	-6,3	-0,4	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-7,2	-0,6	-1,5	-0,1	7,7
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-26,2	-0,7	-21,5	-0,6	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-30,3	-1,2	-34,2	-1,4	5,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-34,9	-2,6	-32,4	-2,2	3,6
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	103,4	-0,8	0,3
Galicia	101,7	1,5	4,2
Andalucía	90,8	-1,0	-6,8
Aragón	105,6	-1,7	0,6
Asturias	100,4	-2,6	-7,0
Balears (Illes)	81,7	5,1	0,9
Canarias	91,8	9,0	7,5
Cantabria	112,6	-4,9	-2,8
Castilla - La Mancha	101,5	2,9	5,2
Castilla y León	92,5	3,0	5,3
Cataluña	104,4	-1,5	1,2
Comunitat Valenciana	105,2	-4,9	-4,4
Extremadura	104,3	6,3	10,5
Madrid	116,0	6,4	8,6
Murcia	104,1	-13,3	-14,3
Navarra	113,0	-4,2	-1,6
País Vasco	104,0	-3,1	-1,8
Rioja (La)	90,5	-2,4	-0,3

Fonte: NE